

Dende Feminismo Unitario de Vigo queremos sumar a nosa voz á da familia de Déborah Fernández-Cervera, que foi asasinada no mes de abril de 2002, hai case 20 anos, sen que se esclarecesen as causas da súa morte, nen o seu asasino ou asasinos sexan identificados e xulgados.

Queremos amosar o noso contundente apoio á familia e xuntas, esixir enerxicamente que se faga xustiza, que o seu crime non quede impune, para iso é preciso que se continúe na investigación da causa, citando a declarar ao posíbel e principal sospeitoso segundo o informe policial, e que, de atopar elementos incriminatorios, sexa acusado formalmente pola morte de Déborah antes de que se cumpra o prazo de 20 anos fixado como período de prescrición para este tipo de delitos.

Hai moito tempo que Déborah merece que se saiba a verdade sobre a súa propia morte. Hai moito tempo que a súa familia precisa que se recoñeza o culpábel/culpabeis para poder sequera comenazar a descansar, mais senón conseguimos que se faga xustiza AGORA, antes de que pasen 20 anos daquel fatídico día no que o seu corpo apareceu sen vida nunha cuneta de O Rosal, repito: se non temos xustiza AGORA, logo será tarde. E a INxustiza quedará ligada para sempre ao nome de Déborah Fernández, como xa aconteceu con outras moitas mulleres dobremente vitimizadas ao longo da historia: vítimas primeiro da violencia machista da sociedade e vítimas despóis de mortas, pola violencia institucional e xudicial.

XUSTIZA PARA DÉBORAH!

XUSTIZA PARA DÉBORAH!

Sumámonos tamén á petición que esixe á Fiscalía que cite a declarar ao principal sospeitoso da súa morte ou senón, que archive a causa e argumente os motivos, porque coincidimos coa familia que non se pode consentir máis o “paripé” que rodeou todo este caso, repleto de presuntas negligencias na investigación policial e xudicial, como xa denunciou o avogado da familia, Ramón Amoedo.

Lembremos que reproducindo as novas aparecidas na prensa, ate dúas investigacións policiais diferentes, apuntan a un sospeitoso:

Un home que mantiña unha relación con Déborah, sen coartada para a noite do crime. Cunha declaración á policía dunha testemuña que neses días atopouse con el e que o maletreiro do seu coche desprendía un fedor insoportábel. Recalcar que Déborah comunicáralle ás súas amigas que o día da súa desaparición tiña intención de reunirse con el e que recibira ameazas dunha persoa achegada da súa contorna de amizades.

En contra do indicado por algúns medios de comunicación, queremos pensar que o feito de que o principal sospeitoso sexa un empresario dunha familia moi achegada ao poder político da cidade de Vigo, non ten nada que ver...

Entre todas as incoherencias atopadas pola familia e o seu avogado, queremos destacar o “Informe Arkarno”, recentemente ratificado en sede xudicial, onde segundo a prensa “a propia policía recoñece que no lugar onde atoparon o corpo sen vida de Déborah estaba cheo de pistas falsas” e no que o policía que instrúe o informe expresa “con contundencia” as súas sospeitas, aludindo incluso “ao perfil psicolóxico do sospeitoso” e mostrando a “absoluta convicción” da súa “implicación na desaparición e morte de Deboráh”

Lembremos tamén, que segundo os primeiros indicios recollidos no informe que analizou a computadora persoal de Déborah, informe realizado pola mesma empresa especializada que colaborou na resolución do caso de Diana Quer, concluíron que fora “manipulado co obxectivo de borrar o seu contido”.

Estas son só algunhas das múltiples extravagancias que rodean todo este proceso xudicial, son só algunhas das presuntas negligencias que levan denunciado o avogado da familia dende o inicio da investigación, máxime cando no pasado mes de maio deste ano, a familia logrou a exhumación do cadáver para que se fixeran entre outras, probas de ADN para cotexar cos sospeitosos ou posibles implicados na súa morte.

O machismo xudicial atenta contra Déborah Fernández, atenta contra a súa familia, atenta contra as súas amizades que ven a súa memoria deshonrada e atenta contra cada unha de nós, supón una ameaza contra ós dereitos e liberdades de todas as mulleres, que reclamamos o fin da xustiza patriarcal, que reclamamos XUS-TI-ZA porque ...

QUERÉMONOS VIVAS!!!

XUSTIZA PARA DÉBORAH!

NEN UNHA MÁIS!

NON ESTAMOS TODAS, FALTAN AS ASASINADAS!

XUSTIZA PARA DÉBORAH!

Non entendemos nen compartimos a actuación da Fiscalía nin da investigación xudicial, que a piques de prescribir o delito non parece apremiarse por resolver este caso, tras máis de 19 anos de loita da familia no nome de Déborah.

Esiximos que se leve unha instrucción do caso en condicións, que é o que ten que facer o xulgado de instrucción e o que debe impulsar a fiscalía.

Esiximos xustiza para Deborah.

Esiximos xustiza para a súa familia.

Esiximos xustiza para a veciñanza de Vigo.

Porque merecemos saber a verdade. Porque os culpábeis deben ser identificados e condeados. Porque a familia de Déborah merece poder descansar e porque Vigo merece ser unha cidade segura, tamén para as mulleres.

XUSTIZA PARA DÉBORAH!

XUSTIZA PARA DÉBORAH!